

## A tempo

Ergueuse Lola cos ollos pegañentos e a cabeza chea de desinformación, esa que ofrecen os soños e que marea segundo avanza nos recordos. Deslizouse arrastrando os pés polo chan, rozando a sola das zapatillas polas baldosas frías ata chegar á cociña, que tamén estaba fría, parecendo enteramente ser frigorífico. Eso era algo que dicía moitas veces a súa nai cando ela era nova e o seu cuarto era o máis conxelado da casa. "A túa habitación é unha neveira", e se pechaban as ventás para acumular calor.

Agora na primavera a calor buscábase xuntándose coa xente ata vir chegar ao lonxe o verán, pero Lola había semanas que non quedaba coas súas compañeiras. Compañeiras porque non estaba segura de que fosen amigas, porque esas cousas nótanse nas palabras e nos silencios. Faltara ás súas clases de golf porque dedicou toda a súa concentración á lectura dos poemas antigos, nunha busca inútil de recobrar a súa forma de ser. Non tan só potenciar as engurras ao sorrir amablemente, senón cunha alegría e potencia que lle den ganas xenuínas de abrir a boca. Tamén había moito que lle daba pereza facelo, e ninguén o conseguía de verdade, así que volveu a estancarse no pasado.

O primeiro que foi buscar despois de facerse un café, pois a única preferencia que tiña entre tomar este e o té era a hora na que o facía, foi a libreta cos poemas. Xa collida polas dúas mans e disposta a ser aberta por aquela velliña de ocos que encher no corazón, foi interrompida por unha chuvía da que ninguén esperaba visita. Empezou a amencer un orballo inesperado que cambiou todos os plans da xente da rúa e os fondos da xente das casas. Outro día sen ir ao golf.

Todo iso fixo pensar a Lola na historia do paraugas. Era unha das súas favoritas, unha que sempre contaba cando saía coas amigas e os amigos que antes tiña e que conmovía a calquera. A historia do paraugas sitúase no ano 2034 e di o seguinte:

"En abril dos meus 28 anos choveu moitísimo, máis do que a calquera amante da chuvía inclusive lle gustaría. Eu sempre o digo, eu non aturo os solos enchoupados, os chans esvaradizos e as pozas nos buratos. Tan perigoso é moverse en automóviles nestas épocas, que os cafres, que aínda continúan a selo, impactarán contra todos nós, que non estamos recubertos por un armazón de capós e "airbags". Ser peatón en abril tamén é arriscado. En fin, aquel abril dos meus 28 anos eu non levaba paraugas, e tiven que axudarme das mans para tapar o meu cabelo, que aínda por riba ía preparado da perruquería, foi un inferno. Entón atopei a un rapaz uns metros antes de min e berreille que se podía resgardarme; pasei moita vergoña, pero eu tiña que permanecer guapa para a miña cita. Coñecera a un rapaz a través dunha destas aplicacións dubidosas e enganosas de coñecer xente, pero decidira probar sorte. Quedei tan cohibida tras preguntar aquilo que permanecín mirando ao fronte todo o camiño, e el fixo o mesmo con tal de non intimidarme. Aínda así, iniciamos unha conversa sobre os días de chuvía en abril e pouco tardei en descubrir que compartía as mesmas ideas ca min. Cando nos demos conta, estabamos dirixíndonos a un bar chamado "O mesón de Águeda", o sitio ao que eu tiña que ir, pero non lembraba terlle dito nada sobre a onde ía e escapóuseme un xesto de sorpresa. "Ah, perdoo! Estaba tan concentrado en falar contigo que non me dera conta de que non te preguntara a onde ías, eu teño que quedar aquí, pero se queres damos a volta". Foi a primeira vez que mirou para min, e os dous quedamos abraizados totalmente. "Lola?", dixo. "Xurxo?", dixeran eu. Acabara de atopar á miña cita."

A todos a quen contara Lola esa historia agradaba o final, parecía escrito nun libro de pequenos relatos e non había ningún ápice de infelicidade que fastidiase a historia. Nunca continuaba a contar máis dela, aínda que a xente sempre preguntase que tal fora a cita, pois todas as lembranzas que tiña de Xurxo quixera borrarlas hai moito tempo, e o único que lle quedaba era a anécdota do paraugas. Se quedase alguén sen sabela non lla ía contar xa, pero aquela mañá escoitando as pingas golpear con forza as súas ventás lembrouna, e tamén choveu un chisco nos seus ollos.

Cando xa se bebera o café tivo a valentía de proseguir coa súa lectura e esta vez foi directa ás escrituras para aquel rapaz, xa que a ocasión o sinalaba. Xurxo fora un acontecemento moi importante da súa vida que a fixo aprender dela mesma e ter por fin a súa madurez tardía. Tan só quedou esa ensinanza diso, porque o demais que lle aportou era igual a nada, se consideramos que por riba da nada hai cousas positivas.

Xurxo era tan diferente a Antón, sempre a trataba ben, mesmo parecía dicirlle que non a merecía, púñaa nun altar que realmente ninguén merece, pois somos todos iguais e por iso o amor é algo que complementa. El non a culpaba de nada, de feito cada vez que algo acontecía el levaba todas as culpas, pero o dicía dunha maneira que facía pensar que era vítima dos seus propios actos e que con ese castigo lle bastaba. Xurxo tamén era moi querido por Lola, que finalmente estaba a experimentar un amor san, ou eso pensaba. O único que o facía parecerse ao de Antón era que estaba cheo de promesas, e promesas sempre tan alonxadas no tempo, que eran difícil de imaxinar, pero cando estás namorado cres na maxia. Desta volta Lola tampouco estaba namorada de verdade, todo aquilo eran mostras de amor tan novas para ela que a facían sentir única e querida enteramente, pero a ela, que lle gustaba de Xurxo? Pasado o tempo, o único que lle gustaba del era que a quixese tanto, e iso non é xusto. Sorte que o amor del tamén marchou pronto, veu e foise como a brisa e a sombra cambiante das árbores. Foi efímera pero tan forte mentres durou, que deu lugar a moita inspiración poética.

"Fai falla unha vida enteira  
para verte o suficiente,  
para afastar da miña mente  
a túa lembranza, a espera será eterna.

O teu corpo encadéame a todo o que es  
e faime desexar todo o que significas,  
cando as palabras lidas continúen aínda escritas  
quero que un anaco de min leves.

A túa existencia é "o momento perfecto" para facer  
calquera cousa,  
e comezas a ser a miña canción favorita, e o que vén á miña mente  
cando está en branco,  
e o teu cabelo é un agarimo de pétalos de rosa.

Ogallá puidera dicir algo máis real de ti,  
pero nada pode achegarse máis que ti mesmo,  
nin a túa foto, nin retrato, nin sinatura,  
nada máis real ca ti sen inicio nin fin.

Es inmenso, es a pausa do movemento xiratorio da Terra,  
ou pola contra, a súa aceleración.  
Es todos os papeles con escritos poéticos  
que gardaría no primeiro caixón.

Cando ti es soño, nada máis desexo que arroparte;  
cando tes sede, nada me fai máis feliz que construírte unha fonte,  
e se falto andas de amor,  
entón,  
chego no momento indicado."

Espera. Volveu ler o poema. Non, o poema está ben. Volveu ler a data. Non, a data non  
está ben. É de moito antes. Revisou as páxinas, revisou calquera poema. Na libreta non tiña  
nada absolutamente escrito sobre Xurxo.  
Todo o tirara? Ou non fora capaz de desfrutar o seu amor despois de-  
de-  
...

Ao mellor fora ela o motivo da ruptura, ao mellor non cortaron porque a Xurxo lle gustase a  
súa mellor amiga, senón porque Lola era unha insulsa que todavía permanecía prendada do  
que si foi o seu gran amor.

A intensidade da chuvia acrecentaba. "Non", tirouse dos pelos, "Non quería empezar por  
aquí tan rápido". Ela non quería ler sobre el, a súa morte doéralle tanto, e a verdade era que  
as súas compañeiras eran amigas, pero todos tornaran descoñecidos dende que se  
empezou a sentir soa.

Non o estaba, o era.

A soidade comeza cando el falta.

E o peor foi que sempre o escribiu porque a el si que lle debía un perdón,

pois nunca puido despedirse a tempo.

(dinme de conta de que levo un día atrasado o enredando! hajaja mañá intentarei escribir  
dous entón. Bicos)